

<b>IES MUGARDOS</b>	IES de Mugar dos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		<b>2ºBACH</b> 2021-2022
	MATERIA	XEOGRAFÍA DE ESPAÑA	
	PROFESOR/A	DAVID MARTÍNEZ MILLÁN	

### CONTIDOS

#### 1.ª AVALIACIÓN

**O espazo xeográfico español. A diversidade xeomorfolóxica.** O espazo xeográfico español. O relevo peninsular. O relevo das illas Baleares. O relevo das Illas Canarias. O espazo xeográfico galego.

**A diversidade climática.** Os factores do clima. Os elementos do clima. Os tipos de tempo en España. Os tipos de clima en España. Os tipos de clima en Galicia.

**A diversidade hídrica, vexetal e edáfica.** A diversidade hídrica de España. A diversidade vexetal. A diversidade do solo. Os ríos e a vexetación de Galicia.

**As paisaxes naturais e as interaccións natureza-sociedade** As paisaxes naturais de España. A influencia do medio natural na actividade humana. A influencia da actividade humana no medio natural. Os espazos naturais protexidos.

#### 2.ª AVALIACIÓN

**Os espazos do sector primario** O espazo rural. Os condicionantes naturais e humanos do espazo agrario. As actividades agrarias. As paisaxes agrarias. Os problemas agrarios e o desenvolvemento rural. As dinámicas recentes do espazo rural. Os espazos da actividade pesqueira.

**O espazo industrial** O proceso de terciarización e a importancia do sector terciario. Os trazos do sector terciario. O transporte e as telecomunicacións. O sistema de transportes en Galicia. Os espazos turísticos. O comercio. Outras actividades terciarias. O turismo e o comercio en Galicia

**A poboación española** As fontes demográficas. A distribución da poboación. O movemento natural da poboación. Os movementos migratorios. O crecemento real da poboación. A estrutura da poboación española. O futuro da poboación española. A poboación de Galicia

#### 3.ª AVALIACIÓN

**O espazo urbano** O concepto e a importancia da cidade. O proceso de urbanización. A morfoloxía urbana. A estrutura urbana. Os problemas das cidades españolas. A ordenación do espazo urbano. O urbanismo. O sistema urbano español. O sistema urbano galego.

**A organización, os desequilibrios e as políticas territoriais** A organización territorial de España. Os desequilibrios territoriais. As políticas rexionais e de cohesión territorial.

**España e Galicia en Europa** A Unión Europea e o seu espazo xeográfico. Os contrastes físicos da UE. Os contrastes políticos. Os contrastes económicos. Os contrastes demográficos e urbanos. Os contrastes sociais. As disparidades rexionais e a política de cohesión. España na Unión Europea. Galicia na Unión Europea.

**España no mundo** O sistema mundo. España no contexto mundial.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	%	Probas escritas	80 %
		Traballos/tarefas	20 %
		Lecturas	NON HAI

**Actitude**, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas. **Conceptos e procedementos**, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

**No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

**Haberá un exame FINAL no mes de Xuño para aqueles alumnos que teñan unha ou máis avaliacións suspensas. Os alumnos con máis dunha avaliación suspensa ao longo do curso, farán un exame no que serán examinados de TODAS AS AVALIACIÓNS.**

### PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos

**TIC** Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensañar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

**PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...**

Íranse introducindo ao longo do curso.